



BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE MONITORES DE TEMPO LIBRE.”

1ª .- Obxecto. O obxecto destas bases é establecer as normas e procedemento para cubrir temporalmente dúas prazas de persoal laboral temporal como monitor/a de tempo libre, para contrato de 30 horas semanais de luns a venres en horario de 8:30 a 14:30, dende o 21 de xuño ó 6 de setembro, para prestar o servizo nas actividades de conciliación do Campamento de verán do concello de Barreiros.

O contrato sería como personal laboral temporal, Grupo de cotización 8 e salario bruto mensual equivalente ó Salario Mínimo Interprofesional correspondente, adaptado á xornada laboral do contrato. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato.

O contrato terá un período de proba de quince días (salvo nos casos en que dita persoa xa estivera traballando nestes postos de traballo no concello de Barreiros). O non superar o período de proba supón que esa persoa quedará eliminada da lista de forma definitiva.

2ª .- Financiación. Esta contratación financiarase con fondos propios municipais ou coas subvencións que se podan acadar para o desenvolvemento desta actividade.

3ª.- Forma de Selección. O concello enviará oferta á oficina de emprego de Ribadeo, para solicitar que nos remitan aspirantes que se atopen en situación de desemprego ou mellora de emprego e que estean dispoñibles para a realización deste tipo de tarefas.

Os requisitos que se esixen os/as aspirantes serían:

Titulacións admitidas:

- Título de Monitor/a de Lecer e Tempo Libre ou equivalente.
- Técnico/a en Actividades Socioculturais ou equivalente.
- Técnico/a Superior de Animación Sociodeportiva ou equivalente.

Ademais deberán contar con:

- Curso de manipulador de alimentos.
- Certificado negativo de antecedentes de delitos de natureza sexual (pode solicitarse no momento a través das propias oficinas municipais).
- Carnet de conducir B e vehículo dispoñible para desprazamentos.

4ª.- Admisión de Aspirantes. Valoraranse os aspirantes incluídos na listaxe remitida pola oficina de emprego conforme ós seguintes criterios pola orde establecida:

A.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:





- Experiencia profesional en postos de características similares en concellos ou outras Administracións Públicas. Máximo 6 puntos. 1 punto por cada mes completo de servizos.
- Experiencia profesional en postos de características similares no sector privado. Máximo 4 puntos. 1 punto por cada mes completo de servizos.

B.- FORMACIÓN:

- Por cursos realizados directamente relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.
- Cursos en materia de coeducación ou igualdade. Valorarase cada curso nesta materia específica con 1 punto.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

C.- COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,25 puntos
- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 0,50 puntos
- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 0,75 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 1 punto

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

Si non se acredita o coñecemento do idioma galego mediante un destes certificados, o concello poderá valorar dito coñecemento con proba oral ou escrita ós aspirantes correspondentes.

En caso de empate nas puntuacións da valoración, desempatarase coa puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, quedando en posición superior a persoa que teña unha maior puntuación nese apartado. Si aínda así continuase o empate, o mesmo desfarase coa puntuación acadada no apartado de formación. En último caso o desempate farase por sorteo.

5ª.- Entrevista:

Farase unha **entrevista o día 19 de xuño, as 10:00 horas**, nas oficinas do concello, onde as persoas interesadas terán que aportar toda a documentación que poda ser valorada, conforme a estas bases.

6ª.- Órgano de Contratación. A alcaldía, á vista da valoración de todo o proceso, dictará resolución acordando a contratación da persoa que considere máis axeitada.”

